

AL CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CUALIF
ON PROFESIONAL CUALIFICACION PROFE

SERRADURA E TRATAMENTO SUPERFICIAL

Nivel de cualificación: 2

INSTITUTO
GALEGO
DAS
CUALIFICACIÓN



Coordinación do proxecto

Cristina Rubal González

Dirección do proxecto

Marisa Mallo Fernández

Equipo técnico e metodolóxico

Ana Pinal Fuentes

Ana Ferreiroa Dobarro

Isabel Bandín Matos

Grupo de expertos

Experto

Empresa

José Ramón Bugarín Rodríguez

Dolmen Granit, S.L.

José Luis Delgado San Miguel

Enxeñeiro técnico de minas,
Profesional liberal

Ángel Gancedo Muriente

Pizarras Samaca, S.A

José María González Álvarez

Pilesa e Intradima

Alfonso González Moral

Elgo, S.L.

Santiago López Piñeiro

Universidade da Coruña

Andrés Molina Franco

Consejería de Educación,
Junta de Andalucía

Enrique Sanjuán Oliveira

Euro Roca, S.A.

Colaborou na primeira fase do proxecto

Javier Fernández Prego

Fachadas del Norte, S.L.

Índice

Presentación	7
1. Competencia xeral	9
2. Unidades de competencia	9
2.1. Relación de unidades de competencia	9
2.2. Desenvolvemento das unidades de competencia	10
2.2.1. Unidade de competencia 1. Prepara-lo bloque de pedra natural para o seu corte e serradura coa maquinaria axeitada.	10
2.2.2. Unidade de competencia 2. Preparar e realiza-los tratamentos superficiais na pedra natural.	16
3. Ámbitos de competencia	22
3.1. Relación de ámbitos de competencia	22
3.2. Desenvolvemento de ámbitos de competencia	22
3.2.1. Seguranza nas plantas de elaboración de pedra natural.	22
3.2.2. Calidade.	23
3.2.3. Relacións no equipo de traballo.	24
4. Anexo. Cualificacións profesionais no sector da pedra natural	25
5. Glosario	26



GRABERÍA ADMINISTRACIÓN E OFICINAS ARTESANÍA
SERVICIOS A LAS EMPRESAS EDIFICACION E OBRAS P
ELECTROMECAÑICOS INDUSTRIAS ALIMENTARIAS INF
PESADA E CONSTRUCCIONS METÁLICAS INDUSTRIA
MADEIRA E A CORTIZA MINERIA E PRIMEIRAS TRANSF
E REPARACION INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS
TRANSFORMACION E DISTRIBUCION DE ENERXIA E
COMUNIDADE E PERSOAIS TRANSPORTES E CO
ADMINISTRACION E OFICINAS ARTESANIA AUTOMOCIO
AS EMPRESAS EDIFICACION E OBRAS PUBLICAS INDUS
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS INFORMACION E MA
CONSTRUCCIONS METÁLICAS INDUSTRIAS QUIMIC
E A CORTIZA MINERIA E PRIMEIRAS TRANSFORMA
REPARACION INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS
TRANSFORMACION E DISTRIBUCION DE ENERXIA E
COMUNIDADE E PERSOAIS TRANSPORTES E CO
ADMINISTRACION E OFICINAS ARTESANIA AUTOMOCIO
AS EMPRESAS EDIFICACION E OBRAS PUBLICAS INDUS
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS INFORMACION E MA
CONSTRUCCIONS METÁLICAS INDUSTRIAS QUIMIC
E A CORTIZA MINERIA E PRIMEIRAS TRANSFORMA
REPARACION INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS
TRANSFORMACION E DISTRIBUCION DE ENERXIA E
COMUNIDADE E PERSOAIS TRANSPORTES E CO
ADMINISTRACION E OFICINAS ARTESANIA AUTOMOCIO
AS EMPRESAS EDIFICACION E OBRAS PUBLICAS INDUS
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS INFORMACION E MA
CONSTRUCCIONS METÁLICAS INDUSTRIAS QUIMIC

Presentación

Na intención da Xunta de Galicia está o dobre obxectivo de conseguir o progreso dos traballadores e a competitividade das empresas, establecendo como principio unha mellora da cualificación profesional.

O contexto socioeconómico da Comunidade Autónoma galega, baseado cada día máis na competitividade empresarial, esixe revisar o papel dos recursos humanos nas organizacións productivas, conferíndolle un maior valor á competencia profesional dos traballadores. A competencia á que nos referimos non sería a mera capacidade de realizar tarefas repetitivas, senón que inclúe a capacidade de relación, de innovación e, sobre todo, de adaptación permanente ós continuos cambios ós que está sometido o sistema productivo.

A caracterización da competencia profesional é un proceso de gran complexidade e de importancia clave para o avance da economía galega, xa que se trata de describi-lo que se espera que realicen as persoas na súa actividade laboral para acadar os niveis de calidade e eficacia que esixen as estruturas productivas. Con esta premisa o **Instituto Galego das Cualificacións** abordou a determinación desas competencias en dous sectores relevantes para a economía galega como son a construción naval e a pedra natural, a través da elaboración das cualificacións profesionais.

O traballo que se presenta a continuación non sería posible sen a colaboración dos sectores implicados, tanto a nivel empresarial como sindical, ós que desde estas liñas queremos amosa-lo noso máis profundo agradecemento.

Entendemos que coa elaboración destas cualificacións profesionais a Administración galega deu un paso adiante e será agora responsabilidade dos sectores correspondentes facelas realidade a través da súa aplicación no mundo productivo.

Manuela López Besteiro
Conselleira de Familia e Promoción do Emprego,
Muller e Xuventude





Denominación:

Serradura e tratamento superficial

Nivel de cualificación: **2**

■ 1. Competencia xeral

Realizar operacións de serradura dos bloques de pedra natural e de tratamento superficial das diferentes pezas de pedra cortada para dotalas do aspecto e textura desexadas en condicións de calidade, cumprindo a normativa de prevención de riscos laborais e respectando as normas de protección ambiental establecidas.

■ 2. Unidades de competencia

■ 2.1. Relación de unidades de competencia

- UC 1. Preparar o bloque de pedra natural para o seu corte e serradura coa maquinaria axeitada.
- UC 2. Preparar e realiza-los tratamentos superficiais na pedra natural.



■ 2.2. Desenvolvemento de unidades de competencia

■ 2.2.1. Unidade de competencia 1.

Prepara-lo bloque de pedra natural para o seu corte e serradura coa maquinaria axeitada

A. Elementos de competencia e criterios de realización

- EC1. Realiza-la recepción e o movemento do bloque e a súa situación adecuada para executa-las operacións de preparación inicial e serradura do bloque (corte e/ou rachadura), conseguindo a manipulación correcta e cumprindo a normativa de prevención de riscos laborais.
 - CR 1. Recepciona-los bloques, realiza-lo control de calidade e dimensións, asignarlles número de identificación e almacenar.
 - CR 2. O bloque transpórtase desde a zona de almacenamento ata a zona de corte utilizando os medios adecuados.
 - CR 3. O bloque sitúase sobre a plataforma de corte, poñéndoo en dirección paralela e perpendicular á vea, aliñando a súa cara co elemento de corte e apromalo correctamente.
 - CR 4. Cálzase e fíxase o bloque asegurando a súa inmovilidade

■ **EC2.** Operar e realiza-lo mantemento de uso das máquinas e ferramentas para levar a cabo a preparación inicial e a serradura de bloques garantindo o seu correcto funcionamento.

CR 1. O mantemento de uso realízase coa frecuencia adecuada segundo o plan de mantemento preventivo, utilizando os consumibles e ferramentas apropiados e seguindo as indicacións do fabricante e as instrucións técnicas da empresa.

CR 2. Cóbrense correctamente os partes de mantemento, anotando as incidencias oportunas e infórmase o responsable xeral de mantemento de calquera irregularidade.

CR 3. O elemento de corte móntase en función dos traballos a realizar e seguindo as especificacións técnicas.

CR 4. Antes de poñer en funcionamento a máquina compróbase que os elementos de seguranza están correctamente posicionados, e que os equipamentos auxiliares e as subministracións necesarias (electricidade, auga, aire comprimido...) están operativos e dentro dos parámetros requiridos.

CR 5. Antes de inicia-las operacións coa máquina compróbase e axústanse os parámetros de funcionamento e verifícase que os utensilios de traballo son os axeitados e están correctamente posicionados.

CR 6. Durante a execución dos traballos contrólase e axústanse os parámetros de funcionamento preestablecidos para asegurar un resultado correcto.



- CR 7. As fichas de traballo cóbrense correctamente, realizando as anotacións oportunas.
- CR 8. Realízanse os controis de calidade de acordo coas especificacións técnicas.
- CR 9. As operacións de carga e descarga do material realízanse cos medios apropiados e nas zonas indicadas.
- CR 10. A máquina límpase correctamente despois do seu uso, retirando os restos ou entullo, comprobando o estado das ferramentas e deixándoa en correcto estado de funcionamento.

■ EC3. Realizar e/ou supervisa-las operacións de serradura mediante tear tradicional, tear de lámina diamantada e cortadora de disco e fío asegurando a calidade necesaria.

- CR 1. A nivelación, aliñamento e tensión das láminas do tear é correcto.
- CR 2. A separación entre as láminas de teares é a indicada en ordes de fabricación.
- CR 3. Compróbase a inmovilidade da carga dentro do tear.
- CR 4. Durante as operacións realizadas con tear tradicional, compróbase e axústanse as constantes da mestura abrasiva (viscosidade, densidade, proporcións...) en función de parámetros preestablecidos. Unha vez finalizado o proceso de serradura, a mestura abrasiva almacénase correctamente para o seu uso posterior.

CR 5. As velocidades de baixada e avance do elemento de corte son as adecuadas en cada fase do proceso para asegurala calidade dos traballos e o máximo rendemento.

CR 6. No tear tradicional o caudal e repartición da mestura abrasiva son en todo momento os apropiados para asegurala calidade do proceso de serradura.

CR 7. O caudal e repartición da auga son en todo momento os apropiados para asegurala refrixeración do tear de lámina diamantada, cortadora de disco e cortadora de fio.

CR 8. A retirada da carga serrada realízase despois da inmovilización e lavado.

■ **EC4.** Seleccionar e clasifica-las táboas de granito e mármore ou tochos de lousa segundo a calidade e as características requiridas.

CR 1. A selección e clasificación dos materiais realízase nos puntos indicados no proceso de división do bloque.

CR 2. A selección e clasificación dos materiais realízase cumprindo as especificacións técnicas e os criterios de calidade aplicables en cada caso.

CR 3. Empréganse os equipamentos e medios apropiados para realiza-la clasificación segundo os criterios preestablecidos.

CR 4. Cóbrense os partes de control adecuadamente.

● CR 5. As pezas rexeitadas segréganse e sitúanse nas zonas apropiadas ata determinalo seu destino final.

■ EC5. ● Realiza-las operacións de división do bloque cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e as medidas de protección ambiental establecidas.

● CR 1. Utilízanse e consérvanse correctamente os equipamentos de protección individual.

● CR 2. Coñécense os riscos laborais propios do posto de traballo e actúa segundo as normas de prevención de riscos laborais.

● CR 3. Coñécese o plan de emerxencia da empresa.

● CR 4. Coñécense e aplícanse as medidas de protección ambiental.

B. Especificación de campo ocupacional

Información e medios de traballo

Dureza, tipo de material e serrabilidade. Especificacións técnicas. Información verbal.

Tear tradicional. Tear de lámina diamantada. Máquina de fío, máquina de disco. Cortablocke disco grande ou multidisco. Picos, cuñas e mazos. Martelo pneumático, martelo hidráulico. Guindastre, ponte guindastre.

Procesos, métodos e procedementos

Corte con tear (monolamina/ multilamina/ diamantado e tradicional). Corte con máquinas de fío. Corte con cortadoras de disco. Corte con máquinas de control numérico (CNC). Corte con maquinaria de uso manual. Rachadura.

Resultados do traballo

Bloques escuadrados. Taboleiros de granito e mármore. Tochos de lousa.

C. Capacidades e coñecementos fundamentais

Capacidades fundamentais

- Interpretar correctamente a información oral e escrita (instrucións, especificacións técnicas ou calquera outro documento relativo ó traballo a realizar).
- Describi-las operacións básicas de corte e serradura relacionándoas coas súas aplicacións.
- Analiza-lo funcionamento das máquinas e ferramentas para levar a cabo a preparación inicial e a serradura de bloques.
- Analiza-las técnicas de mantemento de uso e posta a punto das máquinas e ferramentas.
- Valora-los riscos derivados da execución das operacións de serradura co fin de adopta-las medidas preventivas necesarias.
- Analiza-los métodos, técnicas e procedementos propios da empresa.

Coñecementos fundamentais

- Características e propiedades da pedra natural.
- Procedementos de serradura.
- Maquinaria, ferramentas e medios auxiliares: manexo, funcionamento e mantemento de uso.
- Medios de carga, descarga e transporte de material: Procedementos e funcionamento.
- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais e ambiente relativa ó posto de traballo.



■ 2.2.2. Unidade de competencia 2.

Preparar e realiza-los tratamentos superficiais na pedra natural

A. Elementos de competencia e criterios de realización

■ EC1. Operar e realiza-lo mantemento de uso das máquinas ou equipamentos de tratamento superficial garantindo o seu correcto funcionamento.

CR 1. O mantemento de uso realízase coa frecuencia axeitada segundo o plan de mantemento preventivo, utilizando os consumibles e ferramentas apropiados e seguindo as indicacións do fabricante e as instrucións técnicas da empresa.

CR 2. Cóbreñse correctamente os partes de mantemento, anotando as incidencias oportunas e infórmase o responsable xeral de mantemento de calquera irregularidade.

CR 3. Antes de poñer en funcionamento a máquina compróbase que os elementos de seguranza están correctamente posicionados, e que os equipamentos auxiliares e fornecementos necesarios (electricidade, auga, aire comprimido...) están operativos e dentro dos parámetros de funcionamento requiridos.

CR 4. Antes de inicia-las operacións coa máquina establécense os parámetros de funcionamento e verificase que os utensilios de traballo son os axeitados e están correctamente posicionados.

CR 5. Durante a execución dos traballos contrólase e axústanse os parámetros de funcionamento preestablecidos para asegurar un resultado correcto.

- **CR 6.** As fichas de traballo están cubertas correctamente, realizando as anotacións oportunas.
- **CR 7.** Realízanse os controis de calidade de acordo coas especificacións técnicas
- **CR 8.** As operacións de carga e descarga do material realízanse cos medios apropiados e nas zonas indicadas.
- **CR 9.** A máquina límpase correctamente despois do seu uso, retirando os restos ou entullo, comprobando o estado dos útiles e deixándoa en correcto estado de uso.

■ **EC2.** Realiza-lo proceso de apomazado e pulimento segundo as especificacións técnicas axustándose ó ciclo de produción e conseguindo o nivel requirido.

- **CR 1.** O tratamento realízase en función das ordes de fabricación.
- **CR 2.** O material está perfectamente caracterizado.
- **CR 3.** Colócase a serie de abrasivos na secuencia correcta.
- **CR 4.** A velocidade da fita e presión dos cabezais é adecuada ó material a tratar.
- **CR 5.** Aliméntase correctamente a pulidora en función da máquina e o produto a tratar.
- **CR 6.** Compróbase que o acabado final alcanza os niveis de calidade requiridos en función das ordes de fabricación.



■ **EC3.** Realiza-lo proceso de abuxardado, flaxado e areado segundo as especificacións técnicas, axustándose ó ciclo de produción e conseguindo o nivel requirido.

CR 1. O tratamento realízase en función de ordes de fabricación.

CR 2. Os parámetros dos elementos consumibles son os adecuados para realiza-lo proceso correspondente en función das ordes de fabricación.

CR 3. A carga está correctamente realizada.

CR 4. A velocidade de avance da fita e de traslación dos cabezais é adecuada ó material a tratar.

■ **EC4.** Preparar e aplica-las dilucións para a realización do tratamento químico segundo as especificacións técnicas, conseguindo a calidade requirida e cumprindo a normativa de prevención de riscos laborais.

CR 1. Realízanse as dilucións coas proporcións requiridas e a orde adecuada seguindo as especificacións técnicas.

CR 2. Prepárase a cantidade apropiada para o proceso a realizar.

CR 3. Neutralízase e contrólase a vertedura de excedentes e residuos.

CR 4. Compróbase que a cubeta de tratamentos se atopa en condicións para un correcto desempeño do traballo.

- **CR 5.** O material está en perfectas condicións de limpeza e humidade segundo as especificacións técnicas.
 - **CR 6.** Aplícase o produto ás pezas conforme especificacións técnicas e ordes de fabricación, controlando os tempos de inmersión.
- **EC5.** Clasificar, etiquetar e destinar los productos resultantes do tratamento superficial seguindo os criterios establecidos.
 - **CR 1.** A selección e clasificación dos materiais realízase cumprindo as especificacións técnicas e os criterios de calidade aplicables en cada caso e nos puntos indicados no proceso.
 - **CR 2.** Mídense e contrólense os defectos do material para obter os datos necesarios para a etiquetaxe.
 - **CR 3.** Empréganse os equipamentos e medios apropiados para realizar a clasificación segundo os criterios establecidos.
 - **CR 4.** Cóbrense os partes de control adecuadamente.
 - **CR 5.** As pezas clasificadas destínanse conforme criterios establecidos e sitúanse nas zonas apropiadas.
- **EC6.** Embalar e inmovilizar sobre medio de transporte os productos resultantes seguindo as instrucións técnicas.
 - **CR 1.** Deséñase e/ou selecciónase o tipo de embalaxe apropiado para cada produto e medio de transporte.



CR 2. Cárganse os produtos en medio de transporte cos medios adecuados.

CR 3. Estíbese e inmobilízase o material de forma correcta sobre o medio de transporte, tendo en conta a distribución da carga.

CR 4. Cotéxase o material cargado co parte de saída, realizando as anotacións oportunas para a elaboración da documentación definitiva.

■ EC7. Realiza-las operacións de tratamento superficial cumprindo a normativa de prevención de riscos laborais e as medidas de protección ambiental.

CR 1. Utilízanse e consérvanse correctamente os equipos de protección individual.

CR 2. Coñécense os riscos laborais propios do posto de traballo e actúase segundo as normas de prevención de riscos laborais.

CR 3. Coñécese o plan de emerxencia da empresa.

CR 4. Coñécense e aplícanse as medidas de protección ambiental.

B. Especificación de campo ocupacional

Información e medios de traballo

Ordes de fabricación. Características do material a tratar (propiedades físico-mecánicas....). Características das máquinas (instrucións técnicas, manuais, etc.).

Pulidoras (automáticas, semiautomáticas e manuais). Abuxardadora (automática e manual). Flamexadora

(automática e manual). Areadora. Resinadora. Cisallas hidráulicas. Mazas, buxardas, pistolas.... Equipo láser. Cubetas de baño e tintura. Equipamento de auga a presión. Pontes guindastre e outros elementos auxiliares (ventosas, fitas transportadoras, etc.).

Procesos, métodos e procedementos

Alisamento de superficie por desbaste e afinación. Texturización superficial (apomazado, pulimento, abuxardado, flamexado, areado, etc...). Punzonamento da pedra. Procedementos químicos. Rotura por percusión. Tintura. Enchemento con resina de poros ou roturas.

Resultados do traballo

Material co acabado superficial requirido.

C. Capacidades e coñecementos fundamentais

Capacidades fundamentais

- Interpretar correctamente a información oral e escrita (instrucións, especificacións técnicas ou calquera outro documento relativo ó traballo a realizar).
- Analiza-los procesos de tratamento superficial relacionándoos cos produtos empregados, as transformacións superficiais que se producen e os parámetros que hai que controlar.
- Analiza-las condicións que debe cumprir-la preparación dos equipamentos e instalacións necesarios, así como a preparación, manipulación e almacenaxe dos produtos utilizados no tratamento superficial.
- Relaciona-las operacións de tratamento superficial cos riscos que se poden presentar neste.
- Identificar e aplica-las medidas de protección ambiental no lugar de traballo.
- Analizar e asimila-los métodos, técnicas e procedementos propios da empresa.

Coñecementos fundamentais

- Propiedades do material a tratar.
- Maquinaria e ferramentas: manexo, funcionamento e mantemento de uso.
- Tipos de tratamento superficial e os seus efectos sobre a pedra natural.
- Normativa de prevención de riscos laborais e de protección do medio na parte que compete.

■ 3. Ámbitos de competencia

■ 3.1. Relación de ámbitos de competencia

- 1. Seguranza nas instalacións de elaboración de pedra natural.
- 2. Calidade.
- 3. Relacións no equipo de traballo.

■ 3.2. Desenvolvemento de ámbitos de competencia

■ 3.2.1. Seguranza nas instalacións de elaboración de pedra natural

A. Capacidades fundamentais

- Analiza-la normativa vixente sobre prevención de riscos laborais relativa ó sector da pedra natural.
- Relaciona-los medios e equipamentos de seguranza presentes nas instalacións de elaboración da pedra natural cos riscos que se poden presentar nestas.
- Analiza-las medidas de protección ambiental aplicables ás instalacións de elaboración de pedra natural, tanto no propio lugar de traballo coma no ámbito da instalación.

B. Coñecementos fundamentais

- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais no sector da elaboración da pedra natural. Normas sobre limpeza e orde no ámbito de traballo e sobre hixiene persoal.
- Accidentes máis comúns no sector de elaboración da pedra natural. Métodos de prevención. Medidas de seguraza na preparación, manipulación e mantemento de uso de máquinas.
- Medios asistenciais ante situacións de emerxencia: primeiros auxilios e traslado de accidentados.
- Normativa vixente sobre protección ambiental. Factores que inciden sobre o lugar de traballo (físicos e químicos). Factores que inciden sobre o medio: emisións gasosas, verteduras e residuos.

■ 3.2.2. Calidade

A. Capacidades fundamentais

- Describi-la estrutura de calidade da empresa.
- Aplica-las técnicas de control de calidade nos produtos de serradura e tratamento superficial.
- Aplicar técnicas para a mellora da calidade.

B. Coñecementos fundamentais

- Concepto de calidade e produtividade. Sistemas de calidade.
- Planificación, organización e control da calidade.



■ 3.2.3. Relacións no equipo de traballo

A. Capacidades fundamentais

- Manter relacións fluídas co resto dos membros do equipo de traballo no que está integrado, respectando o traballo dos demais, participando no desenvolvemento de tarefas colectivas e evitando ou tentando resolver, dentro das posibilidades, os conflitos que se orixinen.
- Resolver problemas e tomar decisións individuais, seguindo normas establecidas ou procedementos definidos dentro do ámbito da competencia.

B. Coñecementos fundamentais

- A comunicación na empresa. Tipos de comunicación e etapas nun proceso de comunicación. Dificultades/barreiras de comunicación.
- Negociación e solución de problemas. Métodos máis usuais para a resolución de problemas e a toma de decisións en grupo.
- Equipos de traballo. Tipos de grupos e de metodoloxías de traballo en grupo. A reunión como traballo en grupo. Tipos de reunións.

■ 4. Anexo. Cualificacións profesionais no sector da Pedra natural.

Cualificacións	Unidades de competencia	Ámbitos de competencia
Extracción da pedra natural	<ol style="list-style-type: none"> 1. Prepara-lo xacigo para a súa explotación. 2. Preparar e realizar perforacións e voaduras para descubri-lo nivel productivo e o posterior arrinque e escuadramento dos bloques de pedra. 3. Efectua-lo arrinque de bloques de pedra. 4. Realiza-la conformación de bloques de granito, mármore e lousa, clasificando e marcando os produtos resultantes. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza nas instalacións de extracción da pedra natural. 2. Relacións no equipo de traballo.
Serradura e tratamento superficial	<ol style="list-style-type: none"> 1. Prepara-lo bloque de pedra natural para o seu corte e serradura coa maquinaria axeitada. 2. Preparar e realiza-los tratamentos superficiais na pedra natural. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza nas instalacións de elaboración da pedra natural. 2. Calidade. 3. Relacións no equipo de traballo.
Conformación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Realiza-las operacións de labra da pedra natural. 2. Realiza-lo corte á medida e os labores especiais da pedra natural. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza nas instalacións de elaboración da pedra natural. 2. Calidade. 3. Relacións no equipo de traballo.
Desenvolvemento técnico e coordinación en obra	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estudia-la documentación recibida. 2. Desenvolve-la documentación e as especificacións técnicas. 3. Coordina-la execución da obra. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza nas obras. 2. Representación gráfica. 3. Relacións no equipo de traballo.
Colocación da pedra natural	<ol style="list-style-type: none"> 1. Colocar cubertas e paramentos verticais con placas de lousa de teitar. 2. Realizar muros estruturais de cantería, empedrados e elementos singulares. 3. Revestir todo tipo de paramentos con pezas de pedra natural. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Seguranza na colocación da pedra natural. 2. Calidade. 3. Relacións no equipo de traballo.

■ 5. Glosario

■ Cualificación profesional

É a especificación oficial da competencia que se precisa para desenvolver correctamente un rol de traballo ou unha actividade profesional nun campo ocupacional determinado.

■ Competencia profesional

É a capacidade de aplica-los coñecementos e capacidades para conseguir realiza-las actividades e funcións laborais de acordo cos niveis requeridos na produción e no emprego, e para soluciona-los problemas que derivan dos cambios na produción.

■ Denominación da cualificación profesional

Tenta expresa-lo rol ou roles esenciais do traballo que se presentan ou presentarán nas tarefas ou situacións productivas da cualificación profesional.

■ Nivel

O nivel indica o grao de competencia das actividades de traballo asociadas ás unidades de competencia e ás cualificacións profesionais. Non debe pensarse en categorías profesionais.

Dividiuse a estrutura das cualificacións profesionais nos cinco niveis recoñecidos pola Unión Europea como marco de referencia para calquera sistema de cualificación.

■ Competencia xeral

Describe os roles esenciais do traballo que se identificaron para cada cualificación profesional en forma de funcións ou obxectivos da produción que deben ser acadados.

■ Unidades de competencia

Conxunto de elementos de competencia con valor e significado no emprego. Obtéñense pola división da competencia xeral da cualificación profesional. Cada unidade de competencia debe responder alomenos a un rol, a un posto ou a unha función da produción.

■ Elementos de competencia (EC)

Describen o que as persoas deben ser capaces de realizar nas situacións de traballo. Expresa os logros ou resultados esperados que a persoa debe ser capaz de demostrar para acadalo rol que expresa a correspondente unidade de competencia.

■ Criterios de realización (CR)

Describen os resultados ou aspectos críticos que demostran a competencia profesional. Cada criterio define así unha característica do traballo ben feito.

Expresan, por tanto, o nivel aceptable do elemento de competencia que satisface os obxectivos das organizacións productivas e permiten xulgar fronte a eles as actividades de traballo realizadas pola persoa.

■ Especificación de campo ocupacional

É unha descrición do campo de aplicación de cada unidade de competencia segundo as actividades e situacións de traballo actuais e previsiblemente futuras do campo ocupacional correspondente. Caracterízase en función dun conxunto de parámetros (información, máquinas, equipamentos, procesos, técnicas...) que se especifican para cada unidade de competencia.

■ Especificación de coñecementos e capacidades

É o conxunto de coñecementos, habilidades cognitivas, destrezas e actitudes que debe incluírse nas cualificacións profesionais. Incluirá non só os coñecementos sobre os feitos e a información que se necesita para actuar, senón tamén as capacidades necesarias para aplicar ese coñecemento ó rango necesario de situacións de traballo.

■ **Ámbito de competencia**

Conxunto de coñecementos e capacidades transversais e/ou de base correspondentes a varias ou tódalas unidades de competencia dunha cualificación profesional.

■ **Bloque**

Con este único termo pretendeuse unifica-las diferentes denominacións utilizadas en cada subsector: bloque de granito, bolo de mármore e rachón de lousa.